Oscar Niemeyer, deseñador da cidade de Brasilia e unha das grandes figuras da arquitectura mundial, cumpre hoxe cen anos en plena etapa de creación e cos ollos postos en Avilés

A fascinación **creadora**



XOSÉ LOIS **GARCÍA**

Confeso a miña fascinación pola obra arquitectónica de Óscar Niemeyer e pola súa personalidade humanista e comprometida co mundo que sofre desigualdades e inxustizas. Este arquitecto brasileiro que hoxe, 15 de decembro, cumpre cen anos, é un home de acción e compromiso, todo el comunista. Durante toda a súa vida non dubidou en defender os oprimidos do Brasil mantendo un posicionamento radical dentro do PCB. E isto hónrao porque el pertence a unha familia burguesa, influente na vida económica e política de Rio de Janeiro. No seo familiar, Niemeyer coñeceu varias grandilocuencias, sobre todo a da riqueza e o frenesí do poder e da arrogancia.

Mais tamén quixo coñecer o lado escuro e marxinal das fabelas cariocas, desde o lado da comodidade e da opulencia, o seu posicionamento foi insólito. Que os parias deste mundo sexamos comunistas, anarquistas, socialistas, nacionalistas de esquerda e outros ...istas, coido que non ter maior mérito cando un está nunha posición económica degradante.

Óscar Niemeyer non é o prototipo do esquerdoso ocasional que busca refuxiarse na esquerda para salvagardar os seus intereses. Niemeyer é un comunista que aos seus cen anos de existencia aínda proclama as consignas marcadamente marxistas do líder comunista brasileiro, Luís Carlos Prestes (1898-1990). Hai poucos anos que Niemeyer recibiu no seu estudio en Copacabana a Fidel Castro e permítese amoestar e recomendarlle ao presidente Lula da Silva que concorde políticas solidarias en favor das clases traballadoras.

Deste compromiso emerxe da súa ideoloxía marxista, no que hai algo substancial e impresionante que o propio Niemeyer menciona no seu libro, *As curvas do tempo (Memórias)*, menta os seus anos de cárcere, durante a última ditadura militar no Brasil. En certa ocasión visitou a súa filla e expúxolle que ía falar coa filla do ditador, que fora colega de estudos, para que lle rebaixaran a pena. Niemeyer desautorizou con certa imposición verbal a súa filla, proclamando que el non aceptaba privilexios nin mudanzas da súa particular situación á marxe dos demais presos políticos.

En *As Curvas do tempo (Memórias)* hai unha dose de ética que a moitos nos debe servir de manual no que toca a configurar o compromiso coas causas xustas. Estas memorias lévannos a conmemorar a traxectoria do home íntegro: cultor dunha ideoloxía que forneceu a súa misión revolucionaria ao intentar cambiar este noso universo insolidario.

XLG



Museu de Arte Contemporánea de Niterói, semellante a un prato voador

XLG



Museu Oscar Niemeyer de Curitiba, máis coñecido como 'O olho'

AS FRASES

Oscar Niemeyer

"A arquitectura nace dun trazo"

"Non proxectei o urbanismo de Brasília; o meu traballo limitouse á súa arquitectura"

"O importante é ter sempre a idea dun mundo mellor nos corazóns"

"Se a miseria se multiplica e a escuridade nos envolve, paga a pena acender unha luz e arriscar"

O perfil humano como fiel deseño da obra

Non se pode separar o home da súa obra. O perfil humano é un fiel deseño da obra. Esa interrelación é algo que non se pode desintegrar. Reparando nese longo catálogo de proxectos arquitectónicos, está o creador que se afana por cambiar a estética e propor unha orde nova nas formas e nos matices do que se crea. Alén das consideracións de modernidade ou de vangarda que se teñen espremido durante o século XX, Oscar Niemeyer é o revolucionario que transgride aqueloutra vangarda erixida baixo canons e conceptos nada rupturistas na que se configura unha arquitectura clasista. Ou que fai apoloxía do clasismo.

Oscar Niemeyer modula un estilo único e, mesmo, de múltiples expresións. A súa monumentalidade e funcionalidade configúranse neses formatos de curvas e neses espazos multiformes que é onde reside a grandeza de todo un contexto expresivo que este arquitecto e enxeñeiro sabe conformar e estar en función dunha revolucionaria acción de cambio estético. Niemeyer sabe moi ben que o ser humano, nas súas diversas creacións, non é a medida de todas as cousas. Aínda así pode intervir con certos efectos na natureza e crear o seu propio cosmos. En toda esa efectividade de contemplar a materia e poder transformala e dela crear un universo innovador no que o ser humano poida sentirse capaz de crear a súa propia mobilidade e transformación. A arquitectura deste comunista confeso, prioriza na súa obra ese conxunto comunitario de congregar e non espallar. Os formatos de Niemeyer son espazos de aglutinación nunca de dispersión.

Comecei falando da miña fascinación polo home e pola súa obra. Tal fascíneo perdura nesa miña descuberta da obra de Niemeyer cando estiben aloxado nun hotel de Ouro Preto, construído por el. Dentro daquelas liñas e dos espazos que dimensionan ese conxunto hoteleiro e do dominio que se ten do exterior dimensionado desde diversos ángulos e perspectivas. Este meu fascíneo foi medrando á medida que observei o Museu Óscar Niemeyer de Curitiba, coñecido popularmente polo *Olho*. Dado que a súa parte ornamental se caracteriza polo formato dun ollo. Neste edificio exemplarízase a radical innovación de liñas, de espazos, de cores e de materiais con que se articula este edificio.

SON ESPAZOS DE AGLUTINACIÓN NUNCA DE DISPERSIÓN

Despois de Curitiba avistei o enorme edificio Copam de São Paulo, con esas enormes curvaturas exhibindo o tempo en mudanza. Ollando todo isto un pensa que Oscar Niemeyer está neste mundo só para fascinarnos; para convidarnos a ser libres e solidarios. Sempre en movemento como se insinúa nesas curvas de espiral perpetua.

Cando un connota varios de seus proxectos, un busca a obra portentosa de Niemeyer. Hay poucas semanas que estaba no Rio de Janeiro e apañei un taxi e planteime na cidade de Niterói, no Museu de Arte Contemporánea que este arquitecto ergueu nun abrupto promontorio da baía de Guanabara, nos rentes desta cidade. Aí esta esa beleza arquitectónica entre praias e acantilados, onde o mar ten cantigas de trobador antigo e o monumental Pão de Açucar, no seu oficio de gardián silencioso, harmoniza o contexto espacial deste monumental museo que parece un pratiño voador que pretende acadar eses illotes que o rodean. Pois, este inmenso humanista e creador merece que conmemoremos a súa intensa vida e a súa insuperábel creación arquitectónica.●